

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECRETO DE PRÓRROGA DA LISTA DE AGARDA DE TÉCNICOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE BRIÓN.

EXPEDIENTE: 2022/G003/000829

ANTECEDENTES:

Por decreto desta alcaldía do 07.06.20218, núm. 319/2018, aprobáronse as bases para a formación dunha lista de agarda para a contratación de técnico/a de educación infantil, diante de posibles substitucións temporais do persoal laboral adscrito á escola infantil municipal deste concello.

A súa finalidade era a formación dunha lista de agarda, para cubrir as necesidades de contratación laboral temporal de técnicos/as de educación infantil da escola infantil municipal, ao tratarse dun servizo de carácter prioritario, e nos supostos en que a urxencia e necesidade da contratación quedase xustificada por circunstancias tales como; baixas médicas, vacacións, licencias, permisos ou calquera outra situación pola que poida resultar afectado o servizo e os ratios mínimos de persoal establecidas pola normativa para este tipo de servizo.

Visto que a vixencia desta lista de agarda remata o vindeiro 31.12.2022.

Resultando materialmente imposible proceder á confección dunha nova lista de agarda para a provisión temporal de postos de técnico/a infantil, e visto que con data 09.12.2022 publicáronse as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso (BOP Coruña, núm. 232), nas que se inclúen prazas de persoal técnico de educación infantil, e en cuxo apartado décimo quinto dispónse que as persoas aspirantes que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha bolsa de emprego, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, para os efectos de seren contratados/as como persoal laboral temporal. Nestas bolsas integraranse aquelas persoas candidatas que, participando no proceso selectivo correspondente, e non superando este, obteñan unha puntuación mínima que se considere suficiente (50% da puntuación total).

En base ao exposto, e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; e demais normativa vixente en materia de persoal, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prorrogar a vixencia da actual lista de agarda de técnicos/as de educación infantil do concello de Brión ata a confección dunha nova lista de contratación para a referida categoría profesional.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do Concello de Brión, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Dar traslado desta resolución, á Escola Infantil Municipal do Concello de Brión, para o seu coñecemento.